



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: **Contratación temporal dun electricista e dous albaneis ao abeiro do programa de emprego local da Deputación da Coruña (PEL-Concellos 2026).**

EXPEDIENTE: 2026/E001/000001

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000204

Tendo en conta a miña proposta de fiscalización que transcribo literalmente a continuación:

“PROPOSTA DE CONTRATACIÓN PARA A FISCALIZACIÓN PREVIA DE INTERVENCIÓN

Asunto: *Proposta de contratación laboral temporal de un electricista e dous albaneis (oficiais de segunda) ao abeiro do programa de emprego local da Deputación da Coruña (PEL-Concellos 2026).*

Logo de ver a acta do tribunal para a selección de catro oficiais de segunda (tres albaneis e un electricista) designado mediante o meu decreto 163/2026, do 20 de abril de 2026, na que se conteñen as cualificacións dos candidatos trala valoración das probas de selección, de acordo coas bases aprobadas no decreto 133/2026, do 26 de marzo de 2026, e a proposta de contratación dos primeiros cualificados que se transcribe a continuación:

“ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E REALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE ELECTRICISTA E TRES DE ALBANEIS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026.

PROCESO: persoal contratado ao abeiro do programa PEL-Concellos 2026

ACTA nº 1 (constitución do tribunal e realización das probas selectivas)

DATA: 21 de abril de 2026

HORA COMEZO: 10.25 horas

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Dependencias do Concello de Carral e centro Antón Fraguas

ASISTENTES:

Presidente: Dª Sonia Campos Ares, funcionaria, técnica de Administración Xeral do Concello de Carral.

Secretario: Dª Eva Jardón López, funcionaria, secretaria acumulada do Concello de Carral.

Vogais:

Dª Ana Isabel Sande Insua, funcionaria, administrativa do Concello de Carral.

Dº Iván García García, funcionario, ordenanza do Concello de Carral.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Dº Miguel Ángel, Campelo López, laboral fixo, obreiro do Concello de Carral.

En Carral (A Coruña), na data e hora ao comezo indicados, no salón de plenos do Concello reúnen as persoas arriba relacionadas, ao obxecto de constituír o tribunal que vai proceder, no mesmo acto, á preparación e posterior realización das probas recollidas no punto cinco das bases que rexen o proceso selectivo para a contratación dun albanel e tres electricista. (DA133/2026 do 26.03.2026).

Os membros asistentes foron nomeados por Resolución do Alcalde-Presidente núm. 163/2026, de 20 de abril de 2026 e publicada no taboleiro de anuncios coa mesma data.

Asistindo a Presidenta, a Secretaria e os vogais sinalados, declárase válida a constituición do Tribunal, para os efectos de proceder á elaboración realización das probas como segue:

1.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

O tribunal comproba que as persoas convocadas para a realización da proba de galego son:

Don José Antonio López Castelo

Don Luis Abeledo Ambite

Don Luís Cordón Domínguez

Don Agustín Sánchez García

Asistidos pola normalizadora lingüística dona Yolanda Cives Paz, nomeada asesora técnica para estas probas, antes do comezo da mesma esta suxire declarar exento de dita proba a don Luís Cordón Domínguez por considerar que os cursos que presenta de galego iniciación e galego perfeccionamento expedidos polo director xeral de Formación e Colocación pola participación na acción formativa impartida entre o 28 de febreiro de 2007 e o 30 de xuño do 2007 teñen efectos equivalentes ás validacións dos cursos de iniciación e perfeccionamento por seren anteriores ao 1 de setembro de 2007 co ánimo de garantir os principios de boa fe e confianza lexítima nas actuacións da Administración pública ao abeiro do punto segundo da disposición adicional terceira da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

O tribunal declara exento da mesma a don Luís Cordón Domínguez e procede a realizar a proba aos seguintes candidatos manifestando a súa conformidade coa proba proposta; unha pequena conversa sobre o resurxir da construción despois da burbulla inmobiliaria, a posibilidade de que o sector se sanee e se converta en motor da economía española ou a falta de man de obra. E isto co fin de acreditar un coñecemento do galego a nivel Celga 1, nivel básico.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Realizan a proba don José Antonio López Castelo e don Luis Abeledo Ambite considerando o tribunal por unanimidade APTOS a estes aspirantes na proba de coñecemento do galego.

Non asiste a mesma don Agustín Sánchez García declarándoo o tribunal excluído do proceso selectivo.

2.- VALORACIÓN MÉRITOS APORTADOS PARA O CONCURSO

Unha vez rematada a proba de lingua galega, abandona a sala a normalizadora lingüística e os membros do tribunal proceden a valoración de méritos dos aspirantes. O tribunal, por unanimidade, á vista dos méritos aportados polos aspirantes admitidos (que quedan unidos a este acta no trámite TEDEC) outorgan a seguinte puntuación tendo en conta que non se valoran cursos que non sexan impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e universidades):

OFICIAL DE SEGUNDA/ ELECTRICISTA

NOME E APELIDOS	DNI
López Castelo, José Antonio	***2168**

a)Experiencia profesional 156 meses: 2,00 puntos

b) Formación especializada: 1,41puntos

Prevención riscos laborais PRL, 80 horas: 1,20 puntos

Tarxeta profesional da construción. Oficio electricidade, 6 horas: 0,09 puntos

Operador de carretilla elevadora, seguridade e prevención, 8 horas: 0,12 puntos

TOTAL CONCURSO= 3,41 puntos

NOME E APELIDOS	DNI
Barros Vidal, Alexandre	***5695**

a)Experiencia profesional: 0,00 puntos

b) Formación especializada: 0,00puntos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

TOTAL CONCURSO= 0,00 puntos

NOME E APELIDOS	DNI
Abeledo Ambite, Luís	***1479**

a)Experiencia profesional: 0,00 puntos

b) Formación especializada: 0,00puntos

TOTAL CONCURSO= 0,00 puntos

NOME E APELIDOS	DNI
Souto Casais, Javier	***0156**

a)Experiencia profesional: 0,00 puntos

b) Formación especializada: 0,00puntos

TOTAL CONCURSO= 0,00 puntos

OFICIAL DE SEGUNDA/ALBANEIS

NOME E APELIDOS	DNI
Rabade Serrano, Eduardo	***9752**

a)Experiencia profesional 8 meses: 0,12 puntos

b) Formación especializada: 2,00 puntos

- Curso de albanería impartido polo Instituto Nacional de Empleo (960 horas)

- Curso de albanería impartido polo Ministerio de Trabajo e Seguridade Social (3.360 horas)

TOTAL CONCURSO= 2,12 puntos

NOME E APELIDOS	DNI
Beade Rey, Manuel	***0432**



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

a) Experiencia profesional 101 meses: 1,515 puntos

b) Formación especializada: 0,00 puntos

TOTAL CONCURSO= 1, 515 puntos

NOME E APELIDOS	DNI
López Santiso, José Francisco	***0056**

a) Experiencia profesional 49 meses: 0,735 puntos

b) Formación especializada: 0,00 puntos

TOTAL CONCURSO= 0,735 puntos

NOME E APELIDOS	DNI
Cordón Domínguez, Luís	***3312**

a) Experiencia profesional 49 meses: 0,42 puntos

b) Formación especializada: 2,00 puntos

Albanelaría, 600 horas: 2,00 puntos

TOTAL CONCURSO= 2,42 puntos

NOME E APELIDOS	DNI
Sánchez García, Agustín	***1962**

Non se valora ao declararse excluído da proba ao non asistir á realización da proba de coñecemento de galego.

NOME E APELIDOS	DNI
Lapido Doldán, Pablo	***3390**

a) Experiencia profesional 252 meses: 2,00 puntos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

b) Formación especializada: 2,00 puntos

Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción, 458 horas: 2,00 puntos

TOTAL CONCURSO= 4,00 puntos

3.- PROBA PRÁCTICA/CONCURSO

En aplicación da base 5.1 os aspirantes e membros do Tribunal desprázanse ao centro de formación Antón Fraguas para realizar a proba práctica de traballos propios do posto acordando por unanimidade o Tribunal realizar a seguinte proba:

Electricista: montar cadro eléctrico de seguridade con diferencial e magnetotérmico e conectar para comprobar que funciona.

Preguntas: Que é a toma de terra? Antes de comezar a traballar nun circuíto que fas? Que é un diferencial?

Albanel: cementar a parte superior de un muro preparando previamente a masa e o material necesario.

Preguntas: Que é o morteiro? Que é un encofrado? Que é un tabique?

Realizadas as probas prácticas aos candidatos, (motivase a puntuación na valoración de cada un) o Tribunal por unanimidade acorda outorgarlle á realización desta proba a puntuación seguinte:

OFICIAL DE SEGUNDA/ELECTRICISTA

NOME E APELIDOS	DNI
López Castelo, José Antonio	***2168**

Destreza na realización da proba (1,50 puntos)

Adecuación da elección dos materiais empregados (1,50 puntos)

Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo) (1,50 puntos)

Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal (1,0 puntos)

Total proba práctica: 5,50 puntos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

NOME E APELIDOS	DNI
Barros Vidal, Alexandre	***5695**

Destreza na realización da proba (0,25 puntos)

Adecuación da elección dos materiais empregados (0,50 puntos)

Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo) (0,0 puntos)

Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal (0,50 puntos)

Total proba práctica: 1,25 puntos

NOME E APELIDOS	DNI
Abeledo Ambite, Luís	***1479**

Asiste á realización da proba pero renuncia a realizala por non ter os coñecementos necesarios. Polo que este tribunal, por unanimidade, decláralo excluído do proceso selectivo.

NOME E APELIDOS	DNI
Souto Casais, Javier	***0156**

Destreza na realización da proba (0,50 puntos)

Adecuación da elección dos materiais empregados (0,50 puntos)

Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo) (0,0 puntos)

Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal (1,50 puntos)

Total proba práctica: 2,50 puntos

OFICIAL DE SEGUNDA/ALBANEL

NOME E APELIDOS	DNI
Rabade Serrano, Eduardo	***9752**

Destreza na realización da proba (1,50 puntos)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Adecuación da elección dos materiais empregados (1,00 puntos)

Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo) (1,50 puntos)

Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal (0,50 puntos)

Total proba práctica: 4,50 puntos

NOME E APELIDOS	DNI
Beade Rey, Manuel	***0432**

Destreza na realización da proba (1,00 puntos)

Adecuación da elección dos materiais empregados (1,50 puntos)

Axilidade na realización dos traballos (tempo empregado na realización do traballo) (1,00 puntos)

Adecuación das respostas ás preguntas prácticas realizadas polo tribunal (1,00 puntos)

Total proba práctica: 4,50 puntos

NOME E APELIDOS	DNI
López Santiso, José Francisco	***0056**

Non asiste á realización da proba polo que este tribunal, por unanimidade, decláralo excluído do proceso selectivo.

NOME E APELIDOS	DNI
Cordón Domínguez, Luís	***3312**

Asiste á realización da proba pero négase a realizala, por inadecuación dos equipos achegados polo tribunal. Polo que este tribunal, por unanimidade, decláralo excluído do proceso selectivo.

NOME E APELIDOS	DNI
Lapido Doldán, Pablo	***3390**

Non asiste á realización da proba polo que este tribunal, por unanimidade, decláralo excluído do proceso selectivo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Rematada estas probas, o tribunal por **unanimidade ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a seguinte puntuación aos aspirantes:

OFICIAL DE SEGUNDA/ELECTRICISTA

NOME E APELLIDOS	DNI	EXP.PROFESIONAL	FORMACION	PROBA PRÁCTICA	PUNTUACIÓN TOTAL
López Castelo, José Antonio	***2168**	2,00 puntos	1,41 puntos	5,50 puntos	8,91 puntos
Barros Vidal, Alexandre	***5695**	0,00 puntos	0,00 puntos	1,25 puntos	1,25 puntos
Abeledo Ambite, Luís	***1479**	0,00 puntos	0,00 puntos	Non realiza a mesma	Excluído
Souto Casais, Javier	***0156**	0,00 puntos	0,00 puntos	2,5 puntos	2,50 puntos

OFICIAL DE SEGUNDA/ALBANEIS

NOME E APELLIDOS	DNI	EXP.PROFESIONAL	FORMACION	PROBA PRÁCTICA	PUNTUACIÓN TOTAL
Rábade Serrano, Eduardo	***9752**	0,12 puntos	2 puntos	4,50 puntos	6,62 puntos
Beade Rey, Manuel	***0432**	1,515 puntos	0,00 puntos	4,50 puntos	6,015 puntos
López Santiso, José Francisco	***0056**	0,735 puntos	0 puntos	Non se presenta	Excluído
Cordón Domínguez, Luís	***3312**	0,42 puntos	2 puntos	Non realiza a proba	Excluído



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Sánchez García, Agustín	***1962**	-	-	-	Excluído
Lapido Doldán, Pablo	***3390**	2 puntos	2 puntos	Non se presenta	Excluído

SEGUNDO.- Publicar a valoración dos méritos de forma global coa puntuación acadada na oposición conferindo a todos/as os/as interesados/as un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou alegacións a contar dende o día seguinte á publicación desta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

TERCEIRO.- Proponer de forma provisional, a vista dos resultados condicionados as alegacións, ao alcalde a contratación dos seguintes aspirantes con máis puntuación:

OFICIAL DE SEGUNDA/ELECTRICISTA

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
López Castelo, José Antonio	***2168**	8,91 puntos

OFICIAL DE SEGUNDA/ALBANEIS

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
Rábade Serrano, Eduardo	***9752**	6,62 puntos
Beade Rey, Manuel	***0432**	6,015 puntos

De presentárense alegacións reunirse o Tribunal para a súa resolución publicando outra vez os resultados definitivos. De non presentarse reclamacións esta acta será elevada ao alcalde proponendo para ocupar o posto aos tres candidatos referenciados neste punto (un electricista e dous albaneis) quedando vacante un dos postos ofertados por exclusión do proceso selectivo dos restantes candidatos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 14:08 horas do día da data, estendéndose a presente acta para constancia de todo o acordado, asinándose electronicamente nas datas e horas que figuran á marxe pola secretaria e a presidenta do tribunal para a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello para xeral coñecemento.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

A secretaria

A presidenta”

Logo de que pola responsable do rexistro se emitise informe con data do 28 de abril de 2026 no que se recolle que existen alegacións ou reclamacións no rexistro ao seu cargo.

Unha vez declarado polos candidatos a contratar que a documentación recollida na cláusula oitava das que rexeron o proceso de selección xa consta no departamento de Persoal e RRHH sen que sufrise modificación algunha é polo que en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, de acordo co Estatuto Básico do Empregado Público e coa base novena das aprobadas para o presente proceso **PROPOÑO**

PRIMEIRO.- Contratar, á vista dos resultados, aos aspirantes que se relacionan a continuación de maneira temporal, dende o 4 de maio de 2026 ata o 3 de novembro de 2026, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral asignándolle o código 505 (tempo parcial) ao abeiro das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-Concellos 2026), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local:

OFICIAL DE SEGUNDA/ELECTRICISTA

NOME E APELIDOS	DNI
López Castelo, José Antonio	***2168**

OFICIAL DE SEGUNDA/ALBANEIS

NOME E APELIDOS	DNI
Rábade Serrano, Eduardo	***9752**
Beadre Rey, Manuel	***0432**

SEGUNDO.- remitir ao servizo público de emprego de Galicia una nova oferta de emprego para a remisión de candidatos, mais poderán presentarse todas as persoas interesadas que cumpran cos requisitos recollidos nas bases que se aprobaron no decreto da alcaldía 133/2026, do 26 de marzo de 2026, para poder cubrir a vacante dun dos tres postos de albaneis ofertados que quedou deserta pola falta de candidatos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

TERCEIRO.- Someter esta proposta ao preceptivo informe previo de fiscalización da intervención municipal.”

Logo de ver o informe de fiscalización emitido pola interventora municipal dona, Noemí González Mato, do 4 de maio de 2026 onde se “fiscaliza de conformidade a proposta de contratación presentada a esta Intervención pola Alcaldía en data 4 de maio de 2026”.

En base ao anterior e en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, de acordo co Estatuto Básico do Empregado Público **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Contratar, á vista dos resultados, aos aspirantes que se relacionan a continuación de maneira temporal, dende o 4 de maio de 2026 ata o 3 de novembro de 2026, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral asignándolle o código 505 (tempo parcial) ao abeiro das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-Concellos 2026), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local:

OFICIAL DE SEGUNDA/ELECTRICISTA

NOME E APELIDOS	DNI
López Castelo, José Antonio	***2168**

OFICIAL DE SEGUNDA/ALBANEIS

NOME E APELIDOS	DNI
-----------------	-----



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Rábade Serrano, Eduardo	***9752**
Beade Rey, Manuel	***0432**

SEGUNDO.- Remitir ao servizo público de emprego de Galicia una nova oferta de emprego para a remisión de candidatos, mais poderán presentarse todas as persoas interesadas que cumpran cos requisitos recollidos nas bases que se aprobaron no decreto da alcaldía 133/2026, do 26 de marzo de 2026, para poder cubrir a vacante dun dos tres postos de albaneis ofertados que quedou deserta pola falta de candidatos.

TERCEIRO.- Dar conta deste decreto ao pleno e a Xunta de Goberno Local.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O alcalde

Dou fe, a Secretaria accidental

José Luis Fernández Mouriño

Sonia Campos Ares